

## ACTIVIDADES PARA CONMEMORAR O DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES (25N 2023)

**Cursos:** ESO, 1º Bach e Ciclos formativos (FP Básica, Ciclos Medios e Superior)

### Obxectivos:

- Concienciar ao alumnado da realidade actual de violencia que viven moitas mulleres.
- Visibilizar a loita de moitas mulleres contra a violencia machista.
- Promover a igualdade mediante o concurso “Portas cara a igualdade”.

**Nº sesións titoría:** 3

### Desenvolvemento:

Sesión	Actividade
1ª	Visualizar a charla “Como aprender a amar na igualdade” <a href="https://www.youtube.com/watch?v=iubiKWrBcBM">https://www.youtube.com/watch?v=iubiKWrBcBM</a>
2ª	1. Visualizar as seguintes curtametraxes: 1. Curtametraxe contra o acoso na calle: <a href="https://www.youtube.com/watch?v=O9B9CNy3gRU">https://www.youtube.com/watch?v=O9B9CNy3gRU</a> 2. Curtametraxe “Ao revés ti tamén te asustarías” <a href="https://www.youtube.com/watch?v=o41Z72P3eqQ">https://www.youtube.com/watch?v=o41Z72P3eqQ</a> 3. Curtametraxe “A historia de Pepa e Pepe” <a href="https://www.youtube.com/watch?v=BntnKm-MokE">https://www.youtube.com/watch?v=BntnKm-MokE</a> 2. Reflexionar sobre as curtametraxes visualizadas e extraer ideas e frases para realizar a decoración da porta da aula.
3ª	Decoración da porta da aula. <i>Material dispoñible:</i> papel continuo, pinturas, rotuladores, cartolinas.

## BASES CONCURSO “PORTAS CARA A IGUALDADE”

1. Está convocado a participar neste concurso o alumnado do IES Indalecio Pérez Tizón da ESO, 1º Bacharelato, Ciclos formativos (FP Básica, Ciclos Medios e Superior).
2. **Actividade de tutoría non obrigatoria, pero recomendable.** Os grupos que van participar deben comunicalo á coordinadora de Igualdade, Silvia Barja Fernández, a través da persoa titora. Unha vez que un grupo confirma a súa participación, é imprescindible que toda a clase se implique na actividade. Do contrario, o grupo quedará eliminado do concurso.
3. Para **conmemorar o 25 de novembro** (Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres) os diferentes grupos decorarán a cara exterior da porta da aula (a que dá ao corredor), cunha mensaxe que reivindique a igualdade. A decoración da porta realizarase con materiais “low cost” (papel continuo, cartóns, papeis, cartulinas...) e terá que poderse retirar dun xeito sinxelo ao rematar o concurso. É dicir, as portas das aulas deben quedar no mesmo estado no que estaban unha vez retirada a decoración realizada.
4. **A decoración realizarase nas horas presenciais de tutoría.** Respecto aos cursos que non dispoñen desta hora, a actividade poderá realizarse na sesión de “Atención educativa”.
5. A decoración ten que estar colocada nas portas das aulas participantes o **venres 24 de novembro**.
6. **A partir do día 27 de novembro**, o xurado percorrerá os distintos pavillóns e ditaminará a porta gañadora en función dos seguintes criterios:
  - Calidade artística do deseño.
  - A mensaxe propugnada.
  - En caso de ter slogan, debe ser coherente coa decoración e adecuado á norma lingüística (non se admitirán erros ortográficos, gramaticais...).
  - Coherencia entre o deseño e a mensaxe transmitida.
  - Orixinalidade.
  - Quedarán descartadas as mensaxes obscenas, groseiras... e inadecuadas para un centro educativo.
7. O centro proporcionará o material: papel continuo, cartóns (se hai), folios (brancos ou reciclados), cores, cartolinas. O alumnado de cada tutoría terá que traer o seu propio material (tesoiras, fixo...). En conserxería non se lles facilitará nada máis.
8. **A clase gañadora** recibirá un **diploma** e será invitada a unha **sesión de cine** no Espazo Xové de Tui a ver unha película da súa elección o **luns 04 de decembro**.
9. A **entrega de premios** será o **30 de novembro**, no **segundo recreo** no **salón de actos**.

